



CONSELLO  
ESCOLAR  
MUNICIPAL  
DE VIGO

# Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

## Acta

Acta aprobada na sesión plenaria do día 27/04/2011

Data	19/01/11		
Lugar	Instituto Municipal de Educación (IME), Salón de Actos		
Hora de comezo	18:35 h (2ª Convocatoria)	Fin da xuntanza	20:55 h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presidenta, Laura López Atrio</li> <li>- Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero</li> <li>- Secretario, Rafael Ojea Pérez</li> <li>- Representante Xunta de Galicia, Gonzalo Fernández Fernández</li> </ul> <p>Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Antonio Madrid Risqueiz</li> <li>o Mª del Carmen Lorenzo Vila</li> <li>o María López Bodaño</li> <li>o Marina Pérez Costas</li> <li>o Adolfo Gálvez Pazos</li> </ul> <p>Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Mónica Touza Troncoso</li> <li>o Mª Bertila Fernández Pérez</li> <li>o Xosé Manoel Pena Gayo</li> <li>o Dolores Iranzo Simó (sustitúe definitivamente a Mª Pilar Gabián)</li> <li>o José F. Rodríguez Pérez</li> <li>o Mª Cristina de la Calle Rodríguez</li> <li>o Julia Fernández Casado</li> <li>o Cynthia B. Pereira Romero</li> </ul> <p>Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Alfonso Guitián Álvarez</li> <li>o Manuel Rodríguez González</li> <li>o Cipriano Luis Jiménez Casas</li> <li>o José Antonio Fernández Rodríguez</li> <li>o Joaquín Pereira Somoza</li> </ul>		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sector docente: Xesús Rodríguez Amil</li> <li>- Sector docente: Mercedes Alonso Padrón</li> <li>- Sector docente: Jesús A. Camino Soutullo</li> <li>- Sector docente: Santiago Rodríguez Sánchez</li> <li>- Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos</li> </ul>		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez</li> <li>- Sector docente: Isidro A. Amoedo Rodríguez</li> <li>- Sector social: Ángeles Arias Miño, Consuelo Martínez García, Rodrigo Romaní Blanco e Francisco Piñeiro Lorenzo</li> </ul>		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación).</li> <li>- Sofía Riveiro Olveira (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).</li> </ul>		

## Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta Anterior, se procede.
2. Informe da Concellería de Educación.
3. Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo:
  - Solicitarlle un Estudo da Zonificación Escolar, á Universidade de Vigo, proposta pola Comisión de Equipamentos.
  - Solicitar un Catálogo de Actividades Educativas desde o Concello, ao Servizo de Educación, proposta pola Comisión Pedagóxica.
  - Suxestión de incluír un punto en todas as Ordes do Día dos Plenos do Cemv, sobre avances-actuacións das comisións de traballo.
4. Analizar o tema da folga de limpeza dos colexios públicos.
5. Rogos e preguntas.

## Intervencións realizadas e acordos adoptados

Comeza a sesión, a Presidenta do Cemv –*Laura López Atrio*-, dando a benvinda. Desexa un mellor ano e un avance no ano 2011 no ensino. Comunica o cambio de conselleira na SURGAPA, causando baixa *Mª Pilar Gabián Iglesias* e alta *Mª Dolores Iranzo Simo*.

### 1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

#### Acordos adoptados

Aprobación por asentimento da Acta da sesión do Pleno do CEMV de 27/10/2010.

### 2. Informe da Concellería de Educación.

*Laura López* comeza facendo un resumo comparativo e exhaustivo entre os **orxamentos de 2010 e 2011**, indicando as subidas e baixadas por epígrafes (persoal, gasto corrente, subvencións, investimentos ...). Destaca a necesidade dun **novo colexio** na zona de r/ Aragón, Nogal e Colexio da Caixa de Aforros.

	2010	2011	DIF	% DIF 10-11
PERSOAL	1.827.936,94	1.714.357,14	-113.579,80	-6,21
ALUGUERES	67.676,00	67.676,00	0,00	0,00
MANTEMENTO ORDINARIO	784.202,48	784.202,48	0,00	0,00
SUBMINISTROS COMBUSTIBLES	632.225,21	632.225,21	0,00	0,00

LIMPEZA	2.666.714,04	2.712.532,32	45.818,28	1,72
PROGRAMAS EDUCATIVOS E XESTIÓN	1.262.712,15	1.337.111,14	74.398,99	5,89
ESCOLAS MUNICIPAIS	1.892.242,94	2.137.787,78	245.544,84	12,98
PROGRAMAS EUROPEOS ENFO	44.064,34	37.134,50	-6.929,84	-15,73
SUBVENCION FOAMPA	476.039,31	476.039,31	0,00	0,00
BECAS ESCOLA IDIOMAS	100.000,00	100.000,00	0,00	0,00
SUBVENCION ESCOLAS NIETO	100.000,00	0,00	-100.000,00	-100,00
INVESTIMENTOS	792.357,82	815.000,00	22.642,18	2,86
<b>TOTAL EDUCACIÓN</b>	<b>10.646.171,23</b>	<b>10.814.065,88</b>	<b>167.894,65</b>	<b>1,58</b>
<b>TOTAL EDUCACIÓN + EMAO</b>	<b>12.033.834,16</b>	<b>12.230.328,82</b>	<b>196.494,66</b>	<b>3,64</b>
<b>UNED</b>	<b>0,00</b>	<b>330.443,98</b>	<b>330.443,98</b>	<b>100,00</b>
<b>TOTAL TODO</b>	<b>12.033.834,16</b>	<b>12.560.772,80</b>	<b>526.938,64</b>	<b>4,38</b>
<b>RESUME DIFERENCIAS</b>				
PERSOAL	1.827.936,94	1.714.357,14	-113.579,80	-6,21
GASTO CORRENTE	7.349.837,16	7.708.669,43	358.832,27	4,88
SUBVENCIONS	676.039,31	576.039,31	-100.000,00	-14,79
INVESTIMENTOS	792.357,82	815.000,00	22.642,18	2,86
EMAO	1.387.662,93	1.416.262,94	28.600,01	2,06
<b>UNED</b>	<b>0,00</b>	<b>330.443,98</b>	<b>330.443,98</b>	<b>100,00</b>

Comenta as escasas competencias en educación dos concellos, en relación co grande esforzo económico que isto supón. Salienta a importancia de investir en educación, xa que é investir en riqueza. “Non educar sae carísimo”.

Con respecto ao tema de limpeza, describe as melloras do **novo Contrato de Limpeza**:

- O mesmo custo.
- Aportación a cargo do concello de papel hixiénico e xabón.
- Novo programa de recollida selectiva con instalación de colectores separados.
- Bolsa de horas gratuítas para o concello: 10.500 horas.
- Horario establecido en contrato, con carácter xeral de 18 a 22 horas.
- Auditoría externa incluída en contrato.

Pasa a citar os colexios nos que se fixeron **obras** nos dous últimos meses do ano 2010 así como a reforma e mellora de instalacións eléctricas.

Informa sobre a realización das obrigatorias **Inspeccións Técnicas de Edificios** nos CEIPs públicos no ano 2010.

Informa tamén sobre o **estudo encargado dos equipamentos deportivos** dos centros públicos.

Intervén *Alfonso Guitián* para preguntar pola partida dedicada a **Hortas Ecolóxicas**. Resposta a concelleira que aínda non está decidido, que se parou a proposta, pero desde a concellería de educación quérese seguir adiante con este tema.

*Laura López* continúa a súa intervención informando sobre a creación do grupo **Concellos e Educación** nun traballo común entre as 7 grandes cidades de Galicia. Reúnense unha vez ao mes concelleiros/as de educación e técnicos/as. Este mes tócalles en Ourense.

Organizouse o traballo en 4 comisións:

- 1) modernización dos centros;
- 2) escolas infantís;
- 3) escolas municipais de música e artes escénicas;
- 4) Subvencións aos centros para actividades extraescolares (neste aspecto realiza unha crítica á política de subvencións nesta materia e a imposibilidade de presentárense os concellos a este tema. Considera que debe modificarse por unha política de convenios).

Búscase un acordo entre tódolos concellos de traballo conxunto e conclusións e poder trasladarlllo á Consellería de Educación. Propoñen reunirse coa Consellería para saber o que poden e o que non poden facer, e solicitar “convenios de colaboración”.

Abre a quenda de intervencións. Non hai palabras.

### **3. Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo.**

- **Solicitarlle un Estudo da Zonificación Escolar, á Universidade, proposta pola Comisión de Equipamentos.**

A presidenta da comisión non está na reunión e toma a palabra, no seu lugar, *Alfonso Guitián* -que pertence á comisión- facendo un resumo da proposta presentada. Analiza a mala situación actual e a necesidade de reformar a zonificación para facela efectiva e real.

Intervén *Antonio Madrid*. Parécelle ben pedirlle o estudo, pero bota de menos que non se presenten criterios para facer o estudo. Resposta *Alfonso Guitián* que iso deberían facelo os técnicos tendo en conta diversos aspectos: matrícula, comedores saturados, transporte cruzado .... Funciona mal, inaxeitadamente, a zonificación actual non serve. É o caso dos comedores, que é un servizo social, con dobres turnos, con masificación nuns sitios e oferta sen cubrir noutros colexios. Estamos dando de comer, e non ensinando a comer.

*Gonzalo Fernández*, representante da Administración Educativa, indica que a zonificación actual é do ano 85-86 especialmente xurdida pola demanda no centro urbano. Fíxose unha zonificación que facía fronte ás necesidades daquel momento para garantir a libre elección de centro e houbo que facer centros na periferia. Esta zonificación cumpriu a súa función bastante ben durante máis de vinte anos. Agora parece necesaria unha reforma (as primeiras peticións de reforma xurdiron no curso 2007-2008 por parte da comunidade educativa). Neste intre, recoñécese unha adaptación e está feito un **Equipo de Traballo na Inspección Educativa** sobre a zonificación. Isto é competencia da **Comisión de Escolarización** no que está representada toda a comunidade educativa. É un asunto complexo. O cruce de transportes era necesario daquela. Parécelle esaxerado que sexa a Universidade de Vigo quen faga ese traballo. É máis propio da comunidade escolar. Ao estar traballando xa nisto, espera que o resultado sexa axeitado. Non é unha cuestión de cambiar os centros escolares, xa que a comunidade escolar opúxose. Hai que deixar traballar aos técnicos: dende o CEMV pódense facer aportacións.

*Bertila Fernández* intervén para pór de manifesto que fai un mes estiveron en Pontevedra expoñendo a súa preocupación ao respecto. Indicouse que non se ía facer este estudo ao requirir tempo e elementos que o facían imposible. Sorpréndelle que agora se informe de que se está a facer o estudo. Respóndelle *Gonzalo Fernández* dicindo que a competencia da zonificación é da Comisión de Escolarización que -a través do equipo de traballo- propón as modificacións á xefatura territorial. Non se pode dicir que os centros privados concertados non atendan a alumnado con necesidades educativas especiais, porque teñen que reservar obrigatoriamente prazas ao comezo da matrícula.

*Alfonso Guitián* manifesta que levan os directores 15 anos pedindo isto e non conseguiron nada. A capacidade da Comisión de Escolarización considera que é limitada, xa que o estudo ten dimensións urbanísticas, demográficas, etc. Se non se fai así, sairán parches. Cre que hai que partir dun estudo científico, serio que a partir del se poida planificar.

*Nel Pena*, rebate a *Gonzalo Fernández* dicindo que os servidores públicos deben dar resposta ás necesidades dos usuarios/as e son moitos anos os que se están reivindicando o bo funcionamento deste servizo; existe picaresca que debe evitarse e non debe permitirse; a situación actual produce conflitos entre os usuarios, por exemplo, no tema do transporte. Estamos no Cemv pola excelencia. Non importa o tempo que leve o estudo, pero teñen dereito a isto. Bota en falta no texto da proposta: non se trata dun tema só educativo en sentido estrito, senón un tema urbano moi complexo que non se lle pode pedir aos pais e nais por exceder da súa capacidade.

*Joaquín Pereira* está de acordo en que se leva moitos anos con este tema e entende que é un problema non demasiado complicado; por exemplo, establecendo unha soa zona como se fixo en moitas cidades, como en Santiago de Compostela. A zonificación, ás veces creou máis problemas que solucións; polo que propón analizar as cidades que contan cunha soa zona, que deberíamos coñecer e estudar. **Unha única zona para Vigo**, para que todo o mundo teña as mesmas opcións. E é moito máis barato que pedir un estudo.

*Alfonso Guitián* di que non coñecemos nin pretendemos saber cáles son as solucións, por iso se propón o estudo. O que se pón de manifesto é a situación actual. *Joaquín Pereira* cre que o problema en si é a zonificación: se son os pais os que deciden onde teñen que levar aos seus fillos, solucionaríase. *Alfonso Guitián* pon o exemplo do centro urbano que non ten colexios públicos, o que implica que non pode haber liberdade de elección; é necesario rentabilizar os fortes investimentos públicos.

*Francisco Rodríguez* di que a inspección non estivo nunca á altura das necesidades de zonificación; quen debe facer o estudo son os técnicos; búscase que sexan os técnicos os que afronten este tema; que a distribución da poboación escolar sexa máis equilibrada; e resolver os problemas derivados disto, que é a problemática dos comedores escolares e das longas distancias dos transportes escolares.

*Gonzalo Fernández* explica que forman o grupo de traballo 4 inspectores. *Manuel Rodríguez* preguntalle cánto tempo levan traballando? Ao que lle contesta que desde decembro e xaneiro. *Manuel Rodríguez* entende que isto é un problema loxístico, e todos os aspectos que hai que mirar terán que ser obxectivos e algo externo. Unha **asesoría**, que como coñecedores da materia o poidan facer. Non sabe por qué a administración se nega, ao que *Gonzalo Fernández* responde que non se nega, senón que non o ven necesario.

*Francisco Rodríguez* desconfía en función do que ocorreu nestes últimos anos, que amosa que as cousas non se fixeron ben.

*Rafael Ojea* explica que cada traballo ten unha dimensión determinada. Este encargo non é función da Inspección Educativa. O Departamento de Educación non ten capacidade, pero si se pode contratar. O

traballo é suficientemente importante como para poder facelo algún axente externo. A inspección educativa pode facelo sesgado, pola experiencia que ten e sobrepasa con moito a capacidade de traballo da mesma. Aquí propónse a universidade, pero a administración terá que decidir con quen. Quizais o termo “zonificación” é algo estreito, xa que sería mellor falar do “**Mapa Escolar**” que engloba a zonificación pero non se queda só nela. As características complexas do traballo a facer, supera a capacidade técnica e operativa do persoal propio. Á Inspección Educativa viríalle moi ben que alguén fixera a zonificación. Por exemplo, Andalucía ten o “Plan Mejor Escuela” onde expón qué centros hai que pechar e cáles hai que facer. *Gonzalo Fernández* puntualiza que iso son cuestións de política educativa, non de zonificación.

*Antonio Madrid* incide de novo nos criterios, que son moito maiores e dubida da imparcialidade da inspección; prefere que o faga un axente externo.

*Mónica Touza* é da Comisión de Escolarización e nunca se lle informou deste equipo de traballo e sorpréndese desta noticia da existencia do equipo.

*Pedro Vázquez* quere complementar a información que se está a dicir. É representante do Concello na Comisión de Escolarización. A Comisión dedícase á recolocación de alumnado; tamén entende que a envergadura do traballo supera completamente a capacidade da comisión; céntrase fundamentalmente na recolocación, aínda que existen datos moi interesantes. Parécelle estupendo que a inspección inicie un traballo máis exhaustivo a este respecto.

*Laura López* intervén para dar unha visión panorámica do problema. Di que leva máis de 30 anos en Vigo e coñece dabondo a cidade; ten unha visión moi intensa do que é o ensino nesta cidade. Comproba que cando están nun só ámbito perdemos a perspectiva doutros. O que se propón é que o Consello Escolar Municipal de Vigo teña unha perspectiva de cidade –que faga cidade–, cunha visión ampla, para que non suceda que, por exemplo, o polígono de Navia quede sen servizos educativos axeitados. Debemos ver dende o CEMV a totalidade da cidade; ver que tódalas zonas teñan suficientes servizos educativos. Trátase de facer as cousas ben, de ver as necesidades existentes en relación cos déficits e os superávits. A cidade ten que ter os servizos axeitados en cada lugar. Insiste tamén no Mapa Escolar non só a zonificación e na evidente necesidade dun equipo externo independente, que non teña influencias. Hai que contemplar os dereitos das familias e a dos nenos e as nenas.

*Alfonso Guitián* lembra que se falou de levar este tema ao Pleno Municipal como proposta do Consello escolar municipal, falar de “ensino non universitario” etc.

*Xan Centrón* avanza unha serie de datos: fai 25 anos dende que se fixo a zonificación; 10 anos desde que non sirve; e 40 anos desde que Celso Emilio Ferreiro dixo aquilo de “as cousas non son así porque si, e velaí”, as cousas son así porque hai un interese de que as cousas sexan así por iso están sen facer. A cuestión é que non interesa realizalo; proba diso é que comece a preocuparse a inspección deste tema xusto cando o propón o CEMV.

Os relatores e relatoras propoñen substituír o termo “Zonificación Escolar” por “Mapa Escolar” e que se incorpore un parágrafo para que esta proposta sexa tratada no Pleno da Corporación, como Emenda da Presidencia.

*Rafael Ojea*, como secretario, propón de acordo cos/as ponentes, unha redacción refundida seguinte, que se somete a votación, substituindo Zonificación Escolar por Mapa Escolar, e sometendo a votación a emenda da presidencia, eliminando o parágrafo onde se fala da universidade para falar de entidade externa.

*Alfonso Guitián* engade que se recolla o de levar ao Pleno Municipal esta proposta, en forma de “asunto”.

*Gonzalo Fernández* propón o cambio no orde das administracións, poñendo primeiro a local e logo a

autonómica, e que sexa a través dun convenio.

## TEXTO

Proponse para a súa aprobación polo Pleno do Cemv a seguinte resolución:

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), logo de comprobar como unha necesidade básica a elaboración dun Mapa Escolar, para afrontar os desaxustes que se están a dar na escolarización en Vigo e previr futuros problemas,

### ACORDA

Solicitar un estudo de **Mapa Escolar** para Vigo que favoreza a heteroxeneidade na composición social dos centros.

O peso do factor territorial na equidade no acceso aos centros sostidos con fondos públicos é suficientemente importante para converter o instrumento do mapa escolar nunha ferramenta con incidencia sobre a planificación educativa.

Polo tanto, este órgano Colexiado propón á **administración local en convenio coa administración autonómica** a revisión dos modelos de zonificación imperantes por parte dalgunha entidade externa, a través dun "*Estudo específico para un Mapa Escolar en Vigo*", na lóxica de combater a segregación escolar e de formular suxestións e propostas de mellora para un Vigo máis manexable educativa e civicamente.

E levar esta proposta ao Pleno da Corporación Municipal, en forma de asunto, para a súa consideración.

#### Acordos adoptados

Acéptase a substitución dos termos, o cambio do parágrafo onde se nomea á universidade, mudar a orde das administracións, e engadir o da presentación ao pleno

A redacción enviarase por correo para posibles correccións.

Vótase a proposta para levala a Pleno da Corporación, coas modificacións indicadas:

20 a favor, 1 en contra, 1 abstención

- **Solicitar un Catálogo de Actividades Educativas desde o Concello, ao Servizo de Educación, proposta pola Comisión Pedagóxica.**

Intervén a presidenta da Comisión Pedagóxica, *Mª Carme Lorenzo*, para expoñer a súa proposta que resume brevemente. Existe grande variedade de programas do Concello propostos aos centros educativos, que son interesantes que sexan coñecidos. Isto completaría o estudo de boas prácticas respecto á convivencia que quere elaborar a comisión, enviando unha carta ás direccións e departamentos de orientación. Con estas dúas primeiras fontes de información permitiría saber o que se fai e como melloralo dándolle contido e continuidade.

*Rafael Ojea* indica que o que se leva agora a votación é a proposta sobre o Catálogo de Actividades e a

suxestión é para votar despois, seguindo a orde do día.

A presidenta do Cemv, *Laura López*, le a proposta:

## ANTECEDENTES

Tal e como figura no Plan de Traballo 2010-2011 desta comisión, como obxectivo estratéxico: A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa centrará os seus esforzos na análise e revisión da convivencia escolar, para obter unha escola de valores, unha cidadanía crítica e responsable, e unha sociedade máis xusta; por este motivo, e comezando coa análise de necesidades, descubrimos unha eiva informativa en relación ao que se está a facer nos centros educativos de Vigo, desde os distintos organismos ou departamentos do concello, o que nos imposibilita seguir co plan.

## TEXTO

Por isto, a proposta que se fai desde esta comisión é a de solicitar ao **Servizo de Educación do Concello de Vigo**, a elaboración dun "*Catálogo de Actividades Educativas promovidas polo Concello*", para que a comunidade educativa no seu conxunto sexa coñecedora do que se está a facer en materia escolar e educativa en Vigo.

*Laura López* inicia o comentario sobre a proposta que considera, dende o punto de vista municipal, interesante para fomentar o traballo en equipo, de xeito que se puidesen reunir as distintas concellerías para coordinar as accións educativas. Tratouse dende a Concellería de Educación que exista unha continuidade e planificación nas actividades educativas dirixidas á escola. Pero déronse problemas de coordinación que sería necesario evitar e lograr a planificación e coordinación. Espera que no próximo mandato a necesidade desta coordinación se contemple, e será un acordo do CEMV que levará ao resto de concelleiros/as para explicarlles o interese do Cemv.

*M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo* recalca a importancia de ter unha visión de Vigo. Cre que é importante inicialmente recoller tódalas actividades que se fan. Cre que ademais de recoller os programas, débense recoller as valoracións que os centros educativos fan destes programas para decidir a continuidade.

*Laura López* avanza que no dossier presentado para "Vigo, Cidade Amiga da Infancia", recóllense tódalas actividades que se fan desde o concello dirixidas á infancia (de 0 a 18 anos). O dossier do 2010 está nun CD para consulta. Entende que a proposta debería implicar o traballo en equipo de tódalas concellerías.

*José Antonio Fernández* pregunta se o dossier recolle as actividades tanto de centros públicos como privados, ao que lle responde a presidenta que si, que os programas educativos non están limitados só aos públicos, senón que se lle ofrecen a todos os centros.

*Laura López* suxire o envío sexa en CD ou páxina web.

Acordos adoptados
Comunicar a información recollida de "Cidades amigas da Infancia" na web e cun CD para cada centro.
Sométese a proposta de solicitar un Catálogo de Actividades Educativas desde o concello, a votación.
Todos/as a favor.



- **Suxestión de incluír un punto en todas as Ordes do Día dos Plenos do Cemv, sobre avances-actuacións das comisións de traballo.**

Acordos adoptados
Sométese a suxestión a votación.
a favor por unanimidade

#### 4. Analizar o tema da folga de limpeza dos colexios públicos.

*Laura López* agradece a paciencia que toda a Comunidade Educativa tivo ante este tema e os problemas derivados. Foron 23 días de folga, onde se fixo todo o que se puido para manter a limpeza dos centros. Non houbo concesións de cara a cambio de horarios por considerar que os recollidos no prego de condicións son os que mellor satisfacen o interese xeral.

#### 5. Rolda de preguntas.

*Rafael Ojea* apunta que se alguén ten algún tema para votar a súa inclusión na Orde do Día, por vía de urxencia, votamos se se debate. O lóxico é que a situación de urxencia hai que presentala por escrito ao principio da sesión.

*Bertila Fernández* recorda o falecemento do **alpinista Chito Veiga** e pide un recoñecemento á súa labor pedagóxica e docente. Fai unha glosa breve desta persoa en relación coa súa actuación en temas educativos. Dedicada finalmente unhas palabras concretas á súa memoria: “hoxe tanto a media como a alta montaña vistense de gala, porque van a recibir a un gran escalador, e nesa obscuridade onde se escoita o silencio, hoxe vaise a oír o ruído dos mosquetóns e as clavixas que usa un escalador”. O Consello Escolar Municipal de Vigo acorda lembrar e honrar a súa figura a través dun comunicado.

*Alfonso Guitián* pregunta pola supresión do programa de **Hortas Escolares**. Existen centros que incluso querían que se ampliase. Non saben por qué se suprimiu. Fai un rogo para que se volva a implantar ese programa dentro dos programas educativos.

*Nel Pena* pide un recoñecemento para **Jose María García Picher**, que tamén faleceu nesta semana. Deixou unha gran pegada na cidade porque loitaba pola cidade e polo ensino. Quería facer público o pésame e roga o recoñecemento a esa persoa.

*Nel Pena* e *Bertila Fernández* farán un pequeno texto para facelo público e transmitir ás familias.

*Laura López* suxire que a Comisión Pedagóxica estude o **anteproxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa, e o anteproxecto de lei integral de Igualdade de trato e non discriminación**. *Carmen Lorenzo*, en nome da comisión pedagóxica, asume a suxestión e quedan para a semana seguinte.

Laura López fala do material que se lle entregou hoxe (guías de centros, axenda de medio ambiente e calendario). Existe unha introdución nas guías e quere que se revise por parte de todo o mundo, pois está resumido os 4 anos de traballo. Alfonso Guitián quixo felicitar a Xan Centrón por ser o primeiro que propuxo o modelo da Guía de Centros.

Remata a sesión ás 20,55 horas, sen máis asuntos que tratar.

Acordos adoptados
<i>Nel Pena e Bertila Fernández farán un pequeno texto para facelo público e transmitir ás familias.</i>
<i>A Comisión Pedagóxica asume a suxestión de revisar os 2 anteproxectos de lei.</i>

O SECRETARIO DO CEMV



Rafael Ojea Pérez

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV



Laura López Atrio